

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado no concello de Vedra.

O grupo de alumnos e alumnas que cursarán esta materia en 5º EP, constará de 18 alumnos, cinco en 5ºA, sete en 5ºB e 6 en 5ºC.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xoga	Analizamos, investigamos e propoñemos medidas para mellorar os nosos recreos.	30	10	X		
2	Recicla	Analizamos, investigamos e propoñemos medidas para mellorar a xestión dos residuos no cole	35	15		X	
3	Naturalízate	Analizamos, investigamos e propoñemos medidas para que todo o alumnado reciba a vitamina Natureza que necesita	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xoga	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.	TI	100
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza unha organización do tempo e as actuacións que se deben levar a cabo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Busca alternativas aos problemas que poidan xurdir.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Utiliza os propios coñecementos e competencias para o desenvolvemento do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Aprecia os resultados do traballo realizado.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta un produto final do proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal clara e correcta na exposición.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controla as emocións negativas na exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Presenta o proxecto con apoio dixital, audiovisual ou plástico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Recicla	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia de incidir na xestión de residuos por ser un problema medioambiental.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Deseña e produce recursos e materiais necesarios para realizar o proxecto		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Organiza ben o tempo dispoñible para o proxecto		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os materiais necesarios nas exposicións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve pequenas dificultades que poidan ocorrer durante o desenvolvemento do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Aprecia os resultados do traballo realizado.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta un produto final do proxecto.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Realiza unha boa exposición ante os grupos.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Presenta o proxecto con apoio dixital, audiovisual ou plástico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Naturalízate	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia de coidar o medioambiente.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Busca alternativas aos problemas que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Organiza ben o tempo dispoñible para o proxecto		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Utiliza os propios coñecementos e competencias para o desenvolvemento do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Aprecia os resultados do traballo realizado.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta un produto final do proxecto.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controla as emocións negativas na exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Presenta o proxecto con apoio dixital, audiovisual ou plástico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

## Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Os tres proxectos divídense en tres partes:

1. Presentación do tema, busca de información.
2. Desenvolvemento do proxecto, elaboración de materiais.
3. Presentación ao resto dos grupos, difusión.

Durante todas as sesións, favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación, metodoloxías activas e contextualizadas favorecendo ao desenvolvemento das competencias clave. Deste xeito, os métodos utilizados parten da perspectiva docente como guía-orientador e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. Diseñaranse tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado poida resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Cadernos e material funxible
Ordenadores
Biblioteca

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é a biblioteca que tamén conta con recursos dixitais.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna alumno non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Coa finalidade de adaptar a nosa función docente as diversas características do alumnado, estableceranse diferentes medias de atención á diversidade, diversas actuacións e estratexias destinadas a proporcionar unha resposta axustada as necesidades educativas do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Educación medioambiental	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.
- Educación medioambiental. Entender o medio como un sistema onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo, achegando ideas e posibles solucións para a súa mellora e mantemento.
- Educación para o consumo responsable. Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades interdisciplinares	Con outros ciclos e cursos do centro.			
Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro.	Diversas saídas de contido cultural ao longo do curso			
Celebración de conmemoracións	Celebración das distintas conmemoracións que marca o calendario oficial			
Saídas e visitas	Aproximadamente unha por trimestre. Saídas pola contorna, museos e exposicións, actividades didácticas...			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

### **9. Outros apartados**